

1.5. Poboación

SEGUNDO OS DATOS DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2005, Galicia continúa co preocupante descenso do peso relativo da súa poboación no total español, que pasa do 6,37% de 2004 ao 6,28% de 2005. O número de persoas residentes na comunidade autónoma a principios de ano era de 2.760.179, 9.194 persoas máis que as empadroadas no mesmo período do ano anterior.

Esta medra é debida a que no último ano o número total de estranxeiros empadroados medrou un 18,2%, 10.630 estranxeiros máis, acadando as 69.017 persoas. A pesar deste crecemento, cómpre salientar a baixa presenza de inmigrantes en Galicia en comparación co conxunto do Estado, xa que a poboación estranxeira representa o 2,5% da poboación total galega, sendo esta porcentaxe case seis puntos porcentual inferior á rexistrada de media en España. A importancia relativa da poboación estranxeira en Galicia no conxunto do Estado foi do 1,9%. Asemade, cómpre salientar que se racha a tendencia á feminización de todo o colectivo estranxeiro, xa que o número de mulleres empadroadas creceu un 17,6%, 1,3 puntos menos que o acontecido no caso dos homes.

Entre as características canto á distribución da poboación cómpre salientar, en primeiro lugar, a dispersión ou espallamento xeográfico do hábitat galego (acolle case o 50% das entidades de poboación españolas). En segundo lugar, a evolución do número de residentes en Galicia non é homoxénea ao longo do territorio galego. Ao igual que acontecera no ano anterior, rexístrase un incremento da concentración da poboación nas 24 comarcas englobadas dentro da Galicia occidental-costá, que acollen o setenta por cento da poboación galega, así como nas provincias de Pontevedra e A Coruña (acollen o 74,6% da poboación empadroadada nos concellos galegos), e da poboación residente no medio urbano (concellos con máis de 10.000 habitantes), que acolle o 67,3% da poboación galega.

Outro aspecto a destacar é a persistencia de fortes movementos migratorios, que explican, en parte, a situación descrita anteriormente. Dunha banda, os datos correspondentes ao ano 2003, último ano dispoñible, amosan unha medra do número de fluxos migratorios internos. Doutra, rexístrase unha caída do número total de emigracións externas, ao contrario do que acontece con número total de inmigracións externas, que continúan coa súa tendencia crecente. O saldo migratorio para Galicia acadou un valor de 11.175 migracións, saldo positivo por mor do saldo co estranxeiro posto que co resto de España segue a ser negativo.

Aproximadamente oito de cada dez variacións residenciais dentro de Galicia prodúcense dentro da mesma provincia, e dentro destas, máis da metade realízanse dentro da mesma comarca. En canto á mobilidade interprovincial, mantense as saídas dende Lugo e Ourense cara a A Coruña e Pontevedra.

Canarias, Madrid e Cataluña son os principais destinos e saídas dos fluxos migratorios co resto do Estado, acollendo en conxunto, o 51,9% destas emigracións e inmigracións galegas. Galicia é a comunidade autónoma que recibe máis españois procedentes do estranxeiro, co 19% do total, mentres que a importancia relativa de estranxeiros que chegan a Galicia é inferior ao 3%.

CADRO 1.5.1. ►

Poboación de dereito nas CC.AA.

	Revisión padronal a 1/1/2004			Hab./Km2	Total	Revisión padronal a 1/1/2005		Hab./Km2	05/04 (variac. absoluta)
	Total	Homes	Mulleres			Homes	Mulleres		
Andalucía	7.687.518	3.800.208	3.887.310	87,8	7.829.202	3.879.082	3.950.120	89,4	141.684
Aragón	1.249.584	620.874	628.710	26,2	1.266.972	631.009	635.963	26,6	17.388
Asturias	1.073.761	515.047	558.714	101,3	1.074.504	515.215	559.289	101,3	743
Baleares	955.045	478.046	476.999	191,3	980.472	491.339	489.133	196,4	25.427
Canarias	1.915.540	960.658	954.882	257,2	1.962.193	985.074	977.119	263,5	46.853
Cantabria	554.784	270.907	283.877	104,3	561.638	274.439	287.199	105,6	6.854
Castela e León	2.493.918	1.231.258	1.262.660	26,5	2.501.534	1.235.748	1.265.786	26,5	7.616
Castela-A Mancha	1.848.881	925.694	923.187	23,3	1.888.527	947.711	940.816	31,5	39.646
Cataluña	6.813.319	3.366.329	3.446.990	212,2	6.984.196	3.462.537	3.521.659	217,5	170.877
C. Valenciana	4.543.304	2.251.812	2.291.492	195,4	4.672.657	2.321.834	2.350.823	200,9	129.353
Extremadura	1.075.286	534.704	540.582	25,8	1.080.823	537.713	543.110	26,0	5.537
Galicia	2.750.985	1.324.987	1.425.998	93,0	2.760.179	1.329.627	1.430.552	93,3	9.194
A Coruña	1.121.344	538.764	582.580	141,0	1.126.064	540.859	585.205	141,6	4.720
Lugo	358.452	173.812	184.640	49,3	357.133	173.137	183.996	49,1	-1.319
Ourense	340.258	163.299	176.959	34,5	339.444	162.949	176.495	34,4	-814
Pontevedra	930.931	449.112	481.819	207,1	937.538	452.682	484.856	208,6	6.607
Madrid	5.804.829	2.804.962	2.999.867	716,8	5.921.066	2.865.904	3.055.162	731,2	116.237
Murcia	1.294.694	652.057	642.637	114,4	1.334.431	676.304	658.127	117,9	39.737
Navarra	584.734	292.059	292.675	56,3	592.482	296.076	296.406	57,0	7.748
País Vasco	2.115.279	1.035.863	1.079.416	292,4	2.123.791	1.039.992	1.083.799	293,5	8.512
A Ríoxa	293.553	147.214	146.339	58,2	300.685	151.525	149.160	59,6	7.132
Ceuta	74.654	38.113	36.541	3.929,2	74.771	38.054	36.717	3.935,3	117
Melilla	68.016	34.455	33.561	5.232,0	65.252	33.198	32.054	5.019,4	-2.764
Total	43.197.684	21.265.247	21.912.437	85,4	43.975.375	21.712.381	22.262.994	86,9	777.681
Galicia / España (%)	6,37	6,22	6,51		6,28	6,12	6,43		1,8

Fonte: /NE, Revisión del Padrón Municipal de Habitantes

ESTRUCTURA E DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN

A poboación residente en Galicia o 1 de xaneiro de 2005 ascendeu a 2.760.179 persoas, un 0,3% máis en relación á mesma data do ano anterior (9.194 habitantes máis). Tendo en conta que a poboación residente no conxunto do Estado medrou un 1,8%, hai que salientar que no derradeiro ano continuou o descenso do peso relativo da poboación galega no total estatal, que acada o 6,28% fronte ao 6,37% do ano anterior.

O **cadro 1.5.1.** reflicte a evolución seguida pola poboación feminina e masculina. No período comprendido entre os dous últimos Padróns municipais, o número de mulleres empadroadas en Galicia medrou en 4.554 persoas, en tanto que o dos homes o fixo en 4.640 persoas. Do mesmo xeito que para o conxunto da poboación galega, o peso relativo dos galegos e galegas no conxunto estatal continúa reducíndose, representando o 6,12% e o 6,43%, respectivamente.

Ao igual que acontecera no ano anterior, fronte á medra da poboación empadroada nas provincias de A Coruña e Pontevedra, esta descende en Lugo e Ourense, polo que aumenta a concentración da poboación nas dúas provincias costeiras, que acollen as tres cuartas partes da poboación galega. No último ano o incremento en Pontevedra foi de 6.607 habitantes, mentres que en A Coruña a medra foi de 4.720 persoas.

Das doce comarcas galegas nas que medra a poboación, tan só unha, a comarca de Lugo, pertence ás provincias interiores. Das outras once comarcas, seis pertence á provincia de Pontevedra (O Baixo Miño, O Condado, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo) e cinco á provincia de A Coruña (Barbanza, Bergantiños, Betanzos, A Coruña e Santiago) (**cadro 1.5.2.**).

A poboación residente a un de xaneiro de 2004 (último dato dispoñible con datos desagregados a nivel comercial e municipal) nas 24 comarcas englobadas na denominada Galicia occidental-costa ascendeu a 1.953.548 habitantes (4.711 persoas máis que no mesmo período do ano anterior), o que representa o 71,0% da poboación galega. Pola contra, nese período de tempo volve a descender a poboación residente no conxunto das comarcas do interior (4.830 persoas menos), acadando os 797.437 habitantes segundo os datos do Padrón de 2004.

Se por núcleo urbano se entende todo aquel municipio con máis de dez mil habitantes empadroados, nos 57 concellos galegos considerados como tais reside un total de 1.851.522 persoas (o 67,3% da poboación galega). Fronte ao incremento da poboación nestes concellos, 6.793 habitantes máis, a Galicia rural segue a perder poboación, acollendo no derradeiro ano un total de 899.460 persoas, 6.902 habitantes menos que no ano anterior.

De xeito similar ao ano 2003, oito de cada dez pontevedreses residen en núcleos de máis de dez mil habitantes, sendo esta relación de sete de cada dez no caso dos empadroados na provincia de A Coruña. Nas provincias de Ourense e Lugo os habitantes nos núcleos urbanos representan o 43% dos habitantes nesas provincias.

A diferenza do acontecido no ano anterior, a poboación residente nos sete grandes núcleos urbanos descendeu entre as dúas datas consideradas. A un de xaneiro de 2004, a poboación empadroada nestes concellos ascendeu a 983.803 persoas, o 35,8% da poboación galega, rexistrándose unha caída de 2.394 persoas.

Poboación de dereito en Galicia 2003-04: distribución segundo comarcas

Comarcas	Revisión do Padrón a 1/1/03			Revisión do Padrón a 1/1/04			04/03	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	(%)	(total)
A Coruña	1.120.814	538.469	582.345	1.121.344	538.764	582.580	0,0	530
Arzúa	18.823	9.292	9.531	18.692	9.238	9.454	-0,7	-131
Barbanza	66.469	32.450	34.019	66.499	32.461	34.038	0,0	30
A Barcala	11.565	5.547	6.018	11.385	5.458	5.927	-1,6	-180
Bergantiños	70.406	34.492	35.914	70.698	34.656	36.042	0,4	292
Betanzos	39.171	18.977	20.194	39.285	19.057	20.228	0,3	114
A Coruña	370.849	176.261	194.588	373.422	177.502	195.920	0,7	2.573
Eume	28.256	13.963	14.293	27.989	13.832	14.157	-0,9	-267
Ferrol	164.489	78.511	85.978	163.853	78.208	85.645	-0,4	-636
Fisterra	24.782	12.140	12.642	24.466	12.020	12.446	-1,3	-316
Muros	15.516	7.459	8.057	15.335	7.406	7.929	-1,2	-181
Noia	36.920	17.807	19.113	36.482	17.573	18.909	-1,2	-438
Ordes	38.454	18.818	19.636	38.442	18.830	19.612	0,0	-12
Ortegal	16.271	7.826	8.445	16.016	7.728	8.288	-1,6	-255
Santiago	148.979	70.828	78.151	150.286	71.462	78.824	0,9	1.307
O Sar	17.482	8.366	9.116	17.354	8.311	9.043	-0,7	-128
Terra de Melide	14.544	7.255	7.289	13.911	6.919	6.992	-4,4	-633
Terra de Soneira	21.228	10.395	10.833	20.886	10.205	10.681	-1,6	-342
Xallas	16.610	8.082	8.528	16.343	7.898	8.445	-1,6	-267
Lugo	360.512	174.906	185.606	358.452	173.812	184.640	-0,6	-2.060
Os Ancares	13.608	7.073	6.535	13.367	6.963	6.404	-1,8	-241
Chantada	16.659	8.122	8.537	16.390	7.978	8.412	-1,6	-269
A Fonsagrada	7.030	3.689	3.341	7.020	3.674	3.346	-0,1	-10
Lugo	114.765	54.600	60.165	115.034	54.657	60.377	0,2	269
A Mariña Central	30.286	14.627	15.659	30.188	14.594	15.594	-0,3	-98
A Mariña Occidental	27.648	13.483	14.165	27.516	13.408	14.108	-0,5	-132
A Mariña Oriental	17.287	8.235	9.052	17.225	8.197	9.028	-0,4	-62
Meira	6.417	3.140	3.277	6.324	3.088	3.236	-1,4	-93
Quiroga	6.982	3.406	3.576	6.861	3.346	3.515	-1,7	-121
Sarria	25.881	12.850	13.031	25.683	12.773	12.910	-0,8	-198
Terra Chá	47.697	23.405	24.292	47.210	23.172	24.038	-1,0	-487
Terra de Lemos	35.340	16.908	18.432	34.848	16.670	18.178	-1,4	-492
A Ulloa	10.912	5.368	5.544	10.786	5.292	5.494	-1,2	-126
Ourense	342.213	164.171	178.042	340.258	163.299	176.959	-0,6	-1.955
Allariz-Maceda	15.301	7.440	7.861	15.210	7.401	7.809	-0,6	-91
Baixa Limia	9.539	4.519	5.020	9.416	4.474	4.942	-1,3	-123
O Carballiño	29.982	14.216	15.766	29.813	14.102	15.711	-0,6	-169
A Limia	24.573	12.087	12.486	24.406	12.000	12.406	-0,7	-167
Ourense	144.173	68.058	76.115	143.961	68.060	75.901	-0,1	-212
O Ribeiro	20.396	9.640	10.756	20.258	9.589	10.669	-0,7	-138
Terra de Caldelas	4.410	2.204	2.206	4.298	2.143	2.155	-2,5	-112
Terra de Celanova	22.215	10.507	11.708	22.053	10.455	11.598	-0,7	-162
Terra de Trives	5.657	2.842	2.815	5.565	2.801	2.764	-1,6	-92
Valdeorras	29.218	14.405	14.813	29.024	14.301	14.723	-0,7	-194
Verín	29.116	14.379	14.737	28.811	14.197	14.614	-1,0	-305
Viana	7.633	3.874	3.759	7.443	3.776	3.667	-2,5	-190
Pontevedra	927.555	446.839	480.716	930.931	449.112	481.819	0,4	3.376
O Baixo Miño	46.789	22.747	24.042	47.145	22.931	24.214	0,8	356
Caldas	35.214	16.903	18.311	35.120	16.889	18.231	-0,3	-94
O Condado	39.201	18.906	20.295	39.532	19.134	20.398	0,8	331
Deza	46.361	22.555	23.806	45.793	22.303	23.490	-1,2	-568
O Morrazo	79.790	39.366	40.424	81.228	40.189	41.039	1,8	1.438
A Paradanta	17.370	8.286	9.084	17.286	8.276	9.010	-0,5	-84
Pontevedra	118.008	56.287	61.721	118.719	56.659	62.060	0,6	711
O Salnés	105.407	51.157	54.250	106.214	51.590	54.624	0,8	807
Tabeirós-Terra de Montes	29.379	13.793	15.586	29.141	13.719	15.422	-0,8	-238
Vigo	410.036	196.839	213.197	410.753	197.422	213.331	0,2	717
Galicia	2.751.094	1.324.385	1.426.709	2.750.985	1.324.987	1.425.998	0,0	-109

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes

CADRO 1.5.2. ▲

Como reflicte o **cadro 1.5.4.**, tan só os concellos de Pontevedra e Lugo experimentaron unha medra da súa poboación. Os descenso máis acusados déronse en A Coruña, con 1.056 habitantes menos, seguido polos do Ferrol e Ourense, con 905 e 875 persoas empadroadas menos que o 1 de xaneiro de 2003.

• Poboación estranxeira empadroada

O número de estranxeiros empadroados en Galicia a un de xaneiro de 2005 ascendeu a 69.017 persoas, o que representa o 2,5% da poboación galega empadroada nesa data (no conxunto do Estado supón o 8,4%). Comparado co ano anterior, a poboación estranxeira medra en Galicia un 18,2% respecto aos datos do Padrón de 2004, sendo esta medra do 17,6% no caso das mulleres e do 18,9%

Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 2003-04

	2003		2004		04/03		Concellos >10.000 habs.
		(% / total provincial)		(% / total provincial)		(%)	
A Coruña	787.850	70,3	791.428	70,6	3.578	0,5	24
Lugo	154.987	43,0	154.876	43,2	-111	-0,1	5
Ourense	149.716	43,7	148.929	43,8	-787	-0,5	4
Pontevedra	752.179	81,1	756.292	81,2	4.113	0,5	24
Total	1.844.732	67,1	1.851.525	67,3	6.793	0,4	57

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Padrón Municipal de Habitantes

Poboación das sete grandes cidades 2003-04

	Revisión do Padrón a 1/1/03	Revisión do Padrón a 1/1/04	04/03	
			(%)	(total)
Vigo	292.566	292.059	-0,2	-507
A Coruña	243.902	242.846	-0,4	-1.056
Ourense	109.475	108.600	-0,8	-875
Santiago	92.339	92.298	0,0	-41
Lugo	91.158	91.426	0,3	268
Ferrol	78.764	77.859	-1,1	-905
Pontevedra	77.993	78.715	0,9	722
Total	986.197	983.803	-0,2	-2.394
Total / total C.A. (%)	36,0	35,8	-	-

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes

▲ CADRO 1.5.3.

◀ CADRO 1.5.4.

no dos homes. O **cadro 1.5.5.** indica que Galicia acolle o 1,9% dos estranxeiros empadroados en España, mentres que a poboación galega representa o 6,3% da poboación española.

Pontevedra non só é a provincia que acolle o maior número de estranxeiros, con 27.160 persoas, senón que é a que experimenta o crecemento máis elevada, cunha medra de 4.543 persoas respecto aos datos do Padrón do ano anterior. Séguelle A Coruña, que, tras un incremento do 3.808 estranxeiros, acolle un total de 23.753 persoas foráneas.

No que atinxe ao seu peso relativo na poboación total empadroadada, o 3,3% da poboación empadroadada en Ourense é estranxeira, sendo esta porcentaxe do 2,9% en Pontevedra e do 2,1% en A Coruña. A provincia de Lugo é a que rexistra o menor número de estranxeiros empadroados, con 6.783 persoas, e a que ten un peso relativo na poboación total máis reducido, co 1,9%.

Do conxunto de estranxeiros empadroados en Galicia, catro de cada dez persoas proveñen de Portugal, Colombia e Arxentina. Un 16,8% do total de estranxeiros empadroados é de nacionalidade portuguesa, mentres que os de nacionalidade colombiana e arxentina supoñen o 12,0% e 11,0% dos estranxeiros, respectivamente. Atendendo á importancia relativa no conxunto do Estado, cómpre salientar que as persoas de nacionalidade portuguesa residentes en Galicia representan o 17,7% dos portugueses empadroados en España, sendo estas porcentaxes do 8,6% no caso das persoas de nacionalidade venezolana e do 5,0% no caso dos arxentinos.

Atendendo á distribución provincial, Pontevedra e A Coruña acollen o 73,8%

Volume de estranxeiros residentes e poboación total 2005

	Estranxeiros (1)			Poboación total (2)			(1) / (2)
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
							(%)
España	3.691.547	1.970.999	1.720.548	43.975.375	21.712.381	22.262.994	8,4
Galicia	69.017	32.988	36.029	2.760.179	1.329.627	1.430.552	2,5
A Coruña	23.753	10.866	12.887	1.126.064	540.859	585.205	2,1
Lugo	6.783	3.089	3.694	357.133	173.137	183.996	1,9
Ourense	11.321	5.310	6.011	339.444	162.949	176.495	3,3
Pontevedra	27.160	13.723	13.437	937.538	452.682	484.856	2,9
							(%)
Galicia / España	1,9	1,7	2,1	6,3	6,1	6,4	
A Coruña / Galicia	34,4	32,9	35,8	40,8	40,7	40,9	
Lugo / Galicia	9,8	9,4	10,3	12,9	13,0	12,9	
Ourense / Galicia	16,4	16,1	16,7	12,3	12,3	12,3	
Pontevedra / Galicia	39,4	41,6	37,3	34,0	34,0	33,9	

Fonte: INE, Revisión del Padrón municipal 2005

CADRO 1.5.5. ▲

dos estranxeiros empadroados, sendo esta porcentaxe do 84,9% no caso das persoas de nacionalidade argentina. Cómpre salientar a importancia relativa dos portugueses en Ourense, que acolle o 38,9% dos naturais do país veciño empadroados en Galicia. Asemade, nesta provincia catro de cada dez estranxeiros proveñen de Portugal.

MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

Segundo os Indicadores demográficos básicos do INE, o número medio de fillos por muller en Galicia no ano 2003 foi de 0,99 fronte aos 1,30 fillos por muller de media a nivel estatal. O **cadro 1.5.6.** reflicte que Pontevedra segue a ser a provincia coa taxa máis elevada, co 1,09 fillos por muller, seguida de A Coruña, con 0,98 fillos por muller.

Ao igual que o acontecido en 2003, ao longo do ano 2004 a **taxa da natalidade** en Galicia volve a presentar unha medra ao acadar os 7,64 nacementos por cada 1.000 habitantes, fronte aos 7,56 nacementos do ano anterior. En España da taxa de natalidade continuou crescendo, situándose a mesma nos 10,62 nacementos por cada mil habitantes fronte aos 10,50 nacementos por cada 1.000 habitantes do ano anterior. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia presenta unha taxa tan só superior á rexistrada en Asturias (6,91).

En termos absolutos, **cadro 1.5.8.**, en 2004 naceron en Galicia un total de 20.692 nenos (257 nacementos máis que no ano anterior), o que representan o 4,6% do total de nacementos en España. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos, con 8.601 e 8.193 nacementos, respectivamente.

A **taxa de mortalidade** situouse no conxunto de Galicia nas 10,51 defuncións por cada mil habitantes (11,00 no ano anterior), fronte aos 8,68 falecementos por cada mil habitantes no conxunto do Estado (9,16 defuncións en 2003). Esta taxa volve a situar a Galicia como a terceira comunidade autónoma coa taxa máis elevada, tan só superada por Asturias (11,77) e Aragón (10,60).

Xunto a este descenso da taxa de mortalidade, cómpre salientar a caída da taxa de mortalidade infantil en Galicia, **cadro 1.5.9.**, que pasa dos 3,38 falecemen-

Número medio de fillos por muller en Galicia e España 2000-03

	2000	2001	2002	2003 (1)
Galicia	0,97	0,96	0,95	0,99
A Coruña	0,95	0,95	0,93	0,98
Lugo	0,88	0,81	0,81	0,87
Ourense	0,83	0,82	0,82	0,91
Pontevedra	1,05	1,06	1,06	1,09
España	1,24	1,25	1,26	1,30

(1) datos provisionais

Fonte: INE, Indicadores demográficos básicos

◀ CADRO 1.5.6.

Taxas (1) de nupcialidade, natalidade e mortalidade nas CC.AA. 2003-04 (2)

	Nupcialidade		Natalidade		Mortalidade	
	2003	2004	2003	2004	2003	2004
Andalucía	5,78	5,77	11,49	11,65	8,64	8,27
Aragón	4,85	4,93	9,03	9,29	11,10	10,60
Asturias	5,15	5,09	6,79	6,91	12,00	11,77
Baleares	4,97	4,65	11,87	11,34	9,03	8,14
Canarias	3,73	3,52	10,84	10,11	7,14	6,57
Cantabria	5,54	5,65	8,84	9,05	10,20	9,67
Castela - A Mancha	5,56	5,65	9,60	9,73	9,58	9,20
Castela e León	4,99	5,05	7,56	7,67	10,78	10,51
Cataluña	4,70	4,84	11,12	11,49	9,34	8,70
C. Valenciana	5,65	5,74	10,89	10,99	9,45	8,78
Extremadura	5,17	5,21	9,39	9,27	10,23	9,48
Galicia	4,36	4,49	7,56	7,64	11,00	10,51
Madrid	4,34	4,34	11,90	12,03	7,42	7,10
Murcia	5,34	5,18	13,15	13,03	7,85	7,51
Navarra	5,02	5,15	10,88	11,01	9,33	8,74
País Vasco	4,91	4,89	9,29	9,41	9,19	8,87
A Ríoxa	5,36	5,17	9,96	10,02	9,43	9,09
Ceuta	4,71	5,14	16,08	17,94	6,53	6,69
Melilla	6,30	5,60	19,58	17,74	6,84	7,15
España	5,02	5,04	10,50	10,62	9,16	8,68

(1) Tódalas taxas son por 1.000 habitantes

(2) datos provisionais

Fonte: INE, Movimiento Natural de la Población

◀ CADRO 1.5.7.

▼ CADRO 1.5.8.

Matrimonios, nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 2003-04 (1)

	Matrimonios		Nacementos		Defuncións		Crecemento vexetativo	
	2003	2004	2003	2004	2003	2004	2003	2004
A Coruña	4.923	5.178	8.368	8.601	12.226	11.880	-3.858	-3.279
Lugo	1.313	1.337	2.040	1.988	4.770	4.542	-2.730	-2.554
Ourense	1.285	1.354	2.026	1.910	4.602	4.235	-2.576	-2.325
Pontevedra	4.259	4.306	8.001	8.193	8.129	7.827	-128	366
Total	11.780	12.175	20.435	20.692	29.727	28.484	-9.292	-7.792
España	210.155	215.322	439.863	453.278	383.729	370.698	56.134	82.580

(1) datos provisionais

Fonte: INE, Movimiento natural de la población

◀ CADRO 1.5.9.

Taxa(1) de mortalidade infantil en Galicia e España 2002-04 (2)

	2002	2003	2004
Galicia	4,14	3,38	2,71
A Coruña	4,58	5,38	3,84
Lugo	5,21	4,90	1,51
Ourense	3,29	0,99	1,57
Pontevedra	3,63	1,50	2,07
España	4,15	3,57	3,46

(1) mortalidade infantil por cada 1000 nacementos

(2) Anos 2003 e 2004: datos provisionais

Fonte: INE, Demografía y población

**Interrupcións voluntarias do embarazo nas CC.AA 2003-04:
distribución segundo C.A. de residencia ⁽¹⁾**

	2002	2003
	(%)	
Andalucía	7,33	8,25
Aragón	9,94	10,70
Asturias	7,75	7,84
Baleares	14,25	13,70
Canarias	6,82	6,25
Cantabria	4,44	4,26
Castela - A Mancha	5,23	5,80
Castela e León	5,61	5,84
Cataluña	11,37	11,39
Comunidade Valenciana	8,26	8,27
Extremadura	3,76	3,83
Galicia	4,35	4,22
Madrid	12,19	12,83
Murcia	11,54	11,69
Navarra	4,56	4,81
País Vasco	3,94	3,99
A Rioxa	8,52	8,04
Ceuta e Melilla	2,55	3,06
Total	8,46	8,77

(1) Taxas por 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos

Fonte: Ministerio de Sanidad y Consumo, Interrupción voluntaria del embarazo

CADRO 1.5.10. ►

CADRO 1.5.11. ►

Títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro 2004

	categoría xeral	categoría especial	Total
A Coruña	2.245	128	2.373
Lugo	609	52	661
Ourense	477	54	531
Pontevedra	3.426	310	3.736
Total	6.757	544	7.301

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude,
Estatística de familias numerosas

tos por cada 1.000 nacementos do 2003 aos 2,71 do 2004. A pesar desta caída, as provincias de Ourense e Pontevedra experimentan unha medra das súas taxas de mortalidade infantil, que acadan os 1,57 e 2,07 falecementos por cada mil nacementos respectivamente. A Coruña foi a provincia coa taxa máis elevada, con 3,84 defuncións por cada mil nacementos, acadando en Lugo un valor de 1,51 nacementos.

En 2004 producíronse en Galicia un total de 28.484 defuncións, 1.243 falecementos menos que no ano anterior, representando o 7,7% do total de defuncións habidas en España no último ano. As catro provincias galegas presentan unha caída do número de falecementos, rexistrando Ourense e A Coruña os maiores descensos con 367 e 346 falecementos menos. Tras esta evolución, A Coruña rexistrou en 2004 un total de 11.880 falecementos, seguida de Pontevedra con 7.827 mortes, e Lugo e Ourense, con 4.542 e 4.235 defuncións, respectivamente.

A evolución dos nacementos e das defuncións explica a evolución do **crecemento vexetativo**, que ven recollido no **cadro 1.5.8**. Obsérvase que este volve a ser negativo en Galicia (-7.792), a diferenza do que acontece en España (82.580), sendo a comunidade autónoma co valor negativo máis notorio. A diferenza do

acontecido no ano anterior, en 2004 o saldo vexetativo é negativo en tres das catro provincias, acadando Pontevedra un saldo positivo de 366.

En 2003, a diferenza do acontecido no ano anterior, rexistrouse un descenso no número de **interrupcións voluntarias de embarazo** en Galicia, pasando das 4,35 interrupcións por cada 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos no ano 2002 ás 4,22 interrupcións do ano 2003. Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 1.5.10.**, Galicia é, no último ano, a terceira comunidade con menor número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos, por detrás de País Vasco (3,99) e Estremadura (3,83), ademais de Ceuta e Melilla (3,06), sendo a media do conxunto do Estado de 8,77 interrupcións por cada 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos.

O **cadro 1.5.11.** recolle o número de títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro, que ascendeu a 7.01 títulos, dos que 6.757 son títulos de categoría xeral. Atendendo á súa distribución provincial, as provincias de Pontevedra e A Coruña son quen teñen un maior número de títulos en vigor, con 3.736 e 2.373 títulos, respectivamente, o que supón que ámbalas dúas provincias acollen o 83,7% do total de títulos de familia numerosa en vigor.

MOVEMENTOS MIGRATORIOS

A análise dos fluxos migratorios de Galicia realízase a partir dos datos da *Estadística de variaciones residenciales* (fonte INE), que recolle todos os movementos nos que se acredite un cambio de residencia. Neste senso, cómpre salientar como limitación do alcance da estatística que é posible que os movementos reais sexan superiores.

O saldo migratorio en Galicia continuou coa súa tendencia crecente, acadando no derradeiro ano un valor positivo de 11.175. O **gráfico 1.5.1.** indica que este saldo é resultado dun saldo positivo no caso das migracións co estranxeiro (14.802 movementos) e dun saldo negativo co resto do Estado (-3.627 movementos).

Os fluxos migratorios de idades comprendidas entre 16 e 44 anos representan o 63,4% do total de emigracións e o 60,1% das inmigracións. Todos os grupos de idades, tanto no caso dos homes coma das mulleres, presentan en 2003 un saldo migratorio positivo. Comparado co ano anterior, cómpre salientar que este descende no caso do conxunto das persoas menores de vinte e catro anos, aumentando no resto dos grupos de idades.

As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de movementos migratorios ao acoller, en conxunto, o 73,9% das emigracións e o 76,1% das inmigracións. En termos relativos, Ourense é a provincia que maior número de saídas ten por cada mil habitantes, con 36,2 emigracións (a media galega é de 29,4 saídas por cada mil habitantes), seguida de A Coruña, con 32,2 emigracións, en tanto que no caso das entradas nos concellos galegos, A Coruña presenta o maior nivel de entradas, con 37,7 inmigracións por cada mil habitantes (33,5 no conxunto da C.A.), seguida de Ourense, con 36,6 entradas por cada mil habitantes.

Á hora de analizar os movementos residenciais consideraranse, en primeiro lugar, os fluxos migratorios producidos entre concellos galegos, para posteriormente centrarse nos fluxos migratorios coas outras comunidades españolas e os fluxos migratorios de Galicia fóra de España.




GRÁFICO 1.5.1. ►

CADRO 1.5.12. ►

Movements migratorios en Galicia 2002-2003

	Emigracións		Inmigracións		Saldo migratorio	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Total	75.097	80.899	85.438	92.074	10.341	11.175
Migracións internas	52.220	58.351	52.220	58.351		
A mesma provincia	42.885	47.771	42.885	47.771		
A mesma comarca	23.055	25.966	23.055	25.966		
Outra comarca	19.830	21.805	19.830	21.805		
A outra provincia galega	9.335	10.580	9.335	10.580		
Migracións externas	22.877	22.548	33.218	33.723	10.341	11.175
Resto de España	18.684	20.297	15.032	16.670	-3.652	-3.627
Andalucía	1.357	1.562	1.023	1.056	-334	-506
Aragón	289	388	210	239	-79	-149
Asturias	853	916	1.005	977	152	61
Balears	1.539	1.213	758	873	-781	-340
Canarias	3.829	4.552	3.032	3.219	-797	-1.333
Cantabria	283	281	206	247	-77	-34
Castela e León	1.477	1.533	1.465	1.553	-12	20
Castela-A Mancha	344	404	267	284	-77	-120
Cataluña	2.592	2.939	1.889	2.358	-703	-581
Extremadura	129	160	137	144	8	-16
Madrid	2.907	3.035	2.643	3.072	-264	37
Murcia	304	327	263	348	-41	21
Navarra	229	244	147	148	-82	-96
C. Valenciana	1.343	1.487	711	903	-632	-584
País Vasco	998	996	1.119	1.074	121	78
A Ríoxa	125	165	92	96	-33	-69
Ceuta	33	48	31	34	-2	-14
Melilla	53	47	34	45	-19	-2
Estranxeiro	4.193	2.251	18.186	17.053	13.993	14.802

Fonte: IGE, Movements migratorios

O número total de **migracións internas** (dentro da mesma comunidade autónoma) ascendeu en 2003 a 58.351 (último ano dispoñible), o que significa que nese ano houbo un total de 21,2 migracións por cada mil habitantes.

Entre as características destes fluxos migratorios cómpre salientar como as variacións residenciais dentro de Galicia prodúcense, na súa meirande parte, dentro da mesma provincia (81,9%), e dentro destas, un 54,4% realízanse dentro da mesma comarca. Asemade, no que á mobilidade interprovincial se refire, mantense as saídas dende Lugo e Ourense cara a A Coruña e Pontevedra.

No que atinxe ás características dos migrantes, tres de cada dez movementos migratorios corresponden a fluxos de idades entre 25 e 34 anos, relación que

sería lixeiramente superior a seis de cada dez no caso das idades comprendidas entre 16 e 64 anos. Os fluxos migratorios seguen caracterizándose no ano 2003 polo maior protagonismo das mulleres, que representan o 51,2% das migracións. Esta porcentaxe é máis elevada no caso das persoas con máis de 65 anos, co 58,0% no das mulleres con idades comprendidas entre 16 e 24 anos e 25 e 44 anos, ao representar o 56,8% e 52,4%, respectivamente.

No concernente ás migracións externas, os **fluxos migratorios cara ao resto das comunidades autónomas** ascenderon a 16.670 no caso das persoas procedentes doutras comunidades autónomas, e a 20.297 persoas no caso das saídas cara a outros municipios españois fóra de Galicia. Tal e como se reflicte no **cadro 1.5.12.** e no **gráfico 1.5.1.**, o saldo migratorio é negativo, permanecendo practicamente estable en relación ao saldo do ano anterior. En relación aos saldos coas comunidades autónomas españolas, Galicia presenta un saldo positivo co País Vasco, Asturias, Madrid, Murcia e Castela e León.

Tanto no caso das saídas como das entradas, cómpre salientar o maior predominio dos homes, xa que o 52,3% dos inmigrantes e o 51,1% dos emigrantes cara o resto do Estado son homes. A tendendo á distribución segundo idades, cómpre salientar, dunha banda, que nos estratos de maior idade (máis de 45 anos) o saldo migratorio é positivo, e doutra, o maior predominio das mulleres no caso das persoas con idades comprendidas entre 16 e 24 anos e de máis de 65 anos.

Os principais destinos das emigracións galegas cara o resto do Estado son, nesta orde, Canarias, Madrid e Cataluña, que acollen máis da metade das saídas galegas cara o resto de España (o 51,9%). Estas tres comunidades, e tamén nesta orde, son a principal orixe destes fluxos migratorios, acollendo o 51,9% das inmigracións do resto do Estado.

Ao igual que para o conxunto de Galicia, en A Coruña e Pontevedra as devanditas tres comunidades autónomas son o principal destino e orixe dos fluxos migratorios. Pola contra, Cataluña e Madrid son as comunidades que presentan un maior peso dos fluxos migratorios de entrada e de saída en Lugo e Ourense, seguidas de Asturias no primeiro caso e de Castela e León ou Canarias, segundo se consideren as entradas ou saídas, respectivamente, en Ourense.

No que atinxe ao número de **movementos migratorios co estranxeiro**, un total de 17.053 persoas procedentes do estranxeiro estableceron a súa residencia en Galicia, e 2.251 persoas residentes en municipios galegos deixaron estes concellos para ir ao estranxeiro. Comparado co ano anterior, o **cadro 1.5.12.** amosa un descenso tanto das inmigracións procedentes do estranxeiro como das saídas de Galicia, rexistrándose unha medra do saldo migratorio positivo en 2003, que acada un valor de 14.802

No último ano, case un 45% das inmigracións procedentes do estranxeiro son de nacionalidade española (7.631 persoas), mentres no conxunto do Estado, esta porcentaxe é inferior ao nove por cento. Galicia segue a ser a comunidade autónoma que recibe máis españois procedentes do estranxeiro, co 19% do número total de españois procedentes do estranxeiro.

Fronte ao elevado peso relativo da inmigración estranxeira de nacionalidade española no conxunto do Estado, a importancia relativa de estranxeiros que chegan a Galicia é inferior ao tres por cento. En 2003, o fluxo de inmigracións de persoas de nacionalidade estranxeira ascendeu a 9.422.

Movements migratorios en Galicia 2003: distribución segundo provincias

	Emigracións				Inmigracións			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	36.115	8.700	12.412	23.672	42.305	9.515	12.447	27.807
Migracións internas	26.895	6.277	8.772	16.407	27.599	6.088	8.201	16.463
A mesma provincia	23.743	4.284	6.615	13.129	23.743	4.284	6.615	13.129
A mesma comarca	13.721	1.937	3.600	6.708	13.721	1.937	3.600	6.708
Outra comarca	10.022	2.347	3.015	6.421	10.022	2.347	3.015	6.421
A outra provincia galega	3.152	1.993	2.157	3.278	3.856	1.804	1.586	3.334
Migracións externas	9.220	2.423	3.640	7.265	14.706	3.427	4.246	11.344
Resto de España	8.181	2.274	3.117	6.725	6.896	2.089	2.234	5.451
Andalucía	745	127	167	523	502	88	97	369
Aragón	190	38	48	112	89	27	34	89
Asturias	358	304	86	168	358	337	68	214
Balears	554	111	120	428	449	47	58	319
Canarias	1.937	263	408	1.944	1.379	134	232	1.474
Cantabria	135	40	23	83	132	33	26	56
Castela e León	508	221	377	427	615	196	313	429
Castela-A Mancha	145	38	80	141	153	31	28	72
Cataluña	1.043	431	596	869	762	509	476	611
Extremadura	48	24	28	60	46	19	24	55
Madrid	1.224	366	512	933	1.264	405	449	954
Murcia	149	24	34	120	204	18	21	105
Navarra	111	23	49	61	53	11	17	67
C. Valenciana	580	116	256	535	392	80	120	311
País Vasco	340	124	278	254	419	136	237	282
A Ríoxa	77	11	46	31	37	10	19	30
Ceuta	17	1	5	25	17	5	9	3
Melilla	20	12	4	11	25	3	6	11
Estranxeiro	1.039	149	523	540	7.810	1.338	2.012	5.893

Fonte: IGE, Movements migratorios

CADRO 1.5.13. ▲

Os datos da *Estadística de variaciones residenciales* amosan un maior protagonismo da inmigración masculina, que representa o 51,4% da inmigración total, sendo esta porcentaxe do 54,6% no caso da inmigración de españois procedentes do estranxeiro. Pola contra, na inmigración de estranxeiros, rexístrase un maior protagonismo por parte das mulleres, que representan o 51,3% da inmigración total de estranxeiros.

En relación aos países de procedencia, cómpre salientar que os catro países máis importantes son Venezuela, con 2.853 migracións, Arxentina, con 2.638, Uruguai, con 2.115, e Suíza, con 1.478 persoas. Da Unión Europea, o país con maior número de inmigracións foi Portugal, con 729 inmigracións. Atendendo á desagregación segundo nacionalidade española ou estranxeira, hai que destacar que o 95,1% dos inmigrantes son de nacionalidade española, mentres que en Venezuela e Portugal, en torno a seis de cada dez persoas son españolas, e en Arxentina e Uruguai esta relación sitúase en torno a catro de cada dez.

No concerne á distribución por idades das inmigracións do estranxeiro, o **cadro 1.5.14** reflicte o predominio das inmigracións das persoas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, que supoñen o 23,0% do total destes fluxos migratorios (seis puntos porcentuais menos que o peso relativo correspondente ao número total de inmigracións). Asemade, cómpre salientar que tan só este grupo de idades e o comprendido entre 35 e 44 anos, presentan unha importancia relativa inferior á distribución segundo idades das inmigracións totais galegas.

Ao igual que acontece coas inmigracións, en 2003 rexístrase un lixeiro predominio das emigracións dos homes, que representan o 53,8% das persoas que saen ao estranxeiro. Sen embargo, no caso das persoas menores de vinte e cinco anos, os datos do **cadro 1.5.17** indican o lixeiro predominio das mulleres, que representan o 51,5% das emigracións no caso das persoas menores de 16 anos, e o 55,1% no das mulleres con idades comprendidas entre 24 e 55 anos.

Inmigracións 2003: distribución segundo tipo de migración, sexo e idade

Homes							
	Total	Inmigración interna			Inmigración externa		
		Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A.	Do		
					estranxeiro		
Total	45.930	28.460	23.319	5.141	17.470	8.713	8.757
< 16 anos	7.413	4.752	4.074	678	2.661	1.198	1.463
16 - 24 anos	5.990	3.629	3.054	575	2.361	1.121	1.240
25 - 34 anos	13.165	8.364	6.804	1.560	4.801	2.805	1.996
35 - 44 anos	8.142	5.186	4.168	1.018	2.956	1.546	1.410
45 - 54 anos	4.341	2.637	2.170	467	1.704	768	936
55 - 64 anos	3.184	1.745	1.392	353	1.439	600	839
Maiores 65 anos	3.695	2.147	1.657	490	1.548	675	873

Mulleres							
	Total	Inmigración interna			Inmigración externa		
		Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A.	Do		
					estranxeiro		
Total	46.144	29.891	24.452	5.439	16.253	7.957	8.296
< 16 anos	7.066	4.567	3.898	669	2.499	1.110	1.389
16 - 24 anos	7.385	4.779	3.973	806	2.606	1.258	1.348
25 - 34 anos	13.694	9.220	7.455	1.765	4.474	2.546	1.928
35 - 44 anos	6.954	4.609	3.782	827	2.345	1.191	1.154
45 - 54 anos	3.790	2.315	1.927	388	1.475	615	860
55 - 64 anos	2.764	1.441	1.137	304	1.323	484	839
Maiores 65 anos	4.491	2.960	2.280	680	1.531	753	778

Total							
	Total	Inmigración interna			Inmigración externa		
		Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A.	Do		
					estranxeiro		
Total	92.074	58.351	47.771	10.580	33.723	16.670	17.053
< 16 anos	14.479	9.319	7.972	1.347	5.160	2.308	2.852
16 - 24 anos	13.375	8.408	7.027	1.381	4.967	2.379	2.588
25 - 34 anos	26.859	17.584	14.259	3.325	9.275	5.351	3.924
35 - 44 anos	15.096	9.795	7.950	1.845	5.301	2.737	2.564
45 - 54 anos	8.131	4.952	4.097	855	3.179	1.383	1.796
55 - 64 anos	5.948	3.186	2.529	657	2.762	1.084	1.678
Maiores 65 anos	8.186	5.107	3.937	1.170	3.079	1.428	1.651

Fonte: IGE, Movements migratorios

Un último aspecto a ter en conta á hora de analizar os fluxos migratorios é o das **inmigracións de retorno** ao concello de nacemento. O **cadro 1.5.16.** indica que en 2003 estes fluxos medraron un 13,1% ata acadar os 18.578 movementos, 2.156 migracións máis que no ano anterior, dos que 11.563 corresponden á inmigración interna e 7.015 movementos migratorios, á inmigración externa.

▲ CADRO 1.5.14.

As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que acollen o maior número de inmigracións de retorno, con 7.732 e 5.361 fluxos migratorios, o que representa o % do conxunto destas migracións. Comparado co acontecido no ano anterior, estas dúas provincias son as que rexistran os maiores incrementos en termos absolutos, con 819 e 563 migracións máis. En termos relativos, cómpre salientar as inmigracións de retorno aos concellos de nacementos medraron un 21,4% respecto ao número de migracións do ano anterior.

No que atinxe á distribución segundo tipo de migración, o devandito **cadro 1.5.16.** indica que no caso da inmigración interna, Lugo é a provincia coa maior taxa de crecemento (29,0%). As inmigracións dentro da mesma provincia medraron un 23,2% (15,8% de media en Galicia) e as doutras provincias galegas, un 44,3% (a media galega ascende a 22,3%).

Emigracións 2003: distribución segundo tipo de migración, sexo e idade

Homes							
	Total	Emigración interna		Emigración externa			
		A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro	
Total	40.036	28.460	23.319	5.141	11.576	10.366	1.210
< 16 anos	6.103	4.752	4.074	678	1.351	1.335	16
16 - 24 anos	5.599	3.629	3.054	575	1.970	1.819	151
25 - 34 anos	12.439	8.364	6.804	1.560	4.075	3.795	280
35 - 44 anos	7.159	5.186	4.168	1.018	1.973	1.777	196
45 - 54 anos	3.592	2.637	2.170	467	955	768	187
55 - 64 anos	2.339	1.745	1.392	353	594	422	172
Maiores 65 anos	2.805	2.147	1.657	490	658	450	208

Mulleres							
	Total	Emigración interna		Emigración externa			
		A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro	
Total	40.863	29.891	24.452	5.439	10.972	9.931	1.041
< 16 anos	5.876	4.567	3.898	669	1.309	1.292	17
16 - 24 anos	7.041	4.779	3.973	806	2.262	2.077	185
25 - 34 anos	12.948	9.220	7.455	1.765	3.728	3.449	279
35 - 44 anos	6.117	4.609	3.782	827	1.508	1.364	144
45 - 54 anos	3.030	2.315	1.927	388	715	606	109
55 - 64 anos	1.962	1.441	1.137	304	521	395	126
Maiores 65 anos	3.889	2.960	2.280	680	929	748	181

Total							
	Total	Emigración interna		Emigración externa			
		A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro	
Total	80.899	58.351	47.771	10.580	22.548	20.297	2.251
< 16 anos	11.979	9.319	7.972	1.347	2.660	2.627	33
16 - 24 anos	12.640	8.408	7.027	1.381	4.232	3.896	336
25 - 34 anos	25.387	17.584	14.259	3.325	7.803	7.244	559
35 - 44 anos	13.276	9.795	7.950	1.845	3.481	3.141	340
45 - 54 anos	6.622	4.952	4.097	855	1.670	1.374	296
55 - 64 anos	4.301	3.186	2.529	657	1.115	817	298
Maiores 65 anos	6.694	5.107	3.937	1.170	1.587	1.198	389

Fonte: IGE, Movements migratorios

CADRO 1.5.15. ▲

CADRO 1.5.16. ►

Inmigracións de retorno ó concello de nacemento 2002-2003: distribución segundo tipo de migración

	2002				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	6.913	1.830	2.881	4.798	16.422
inmigración interna	4.336	1.175	1.729	2.657	9.897
Da mesma provincia	3.918	852	1.330	2.248	8.348
Doutra provincia	418	323	399	409	1.549
Inmigración externa	2.577	655	1.152	2.141	6.525
Doutra C.A.	1.565	494	606	1.410	4.075
Do estranxeiro	1.012	161	546	731	2.450

	2003				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	7.732	2.221	3.264	5.361	18.578
inmigración interna	4.945	1.516	2.028	3.074	11.563
Da mesma provincia	4.483	1.050	1.554	2.582	9.669
Doutra provincia	462	466	474	492	1.894
Inmigración externa	2.787	705	1.236	2.287	7.015
Doutra C.A.	1.744	540	698	1.650	4.632
Do estranxeiro	1.043	165	538	637	2.383

Fonte: IGE, Movements migratorios

Respecto ás inmigracións procedentes doutras comunidades autónomas e do estranxeiro, estas medraron en conxunto un 7,5% ata acadar as 7.015 migracións. As procedentes doutras comunidades autónomas acadaron os 4.632 movementos, un 13,7% máis que en 2002, e as que veñen do estranxeiro descendéron ata as 2.383 migracións, un 2,7% menos que no ano anterior. Esta mesma tendencia dáse nas provincias de Pontevedra e Ourense, en tanto que en A Coruña e Lugo, medran os fluxos migratorios procedentes doutras CC.AA. e do estranxeiro. ■